

## **ENTREVISTA A MARLIKE KOCKEN, COORDENADORA DE EFTA, ASOCIACIÓN EUROPEA DE COMERCIO XUSTO**

*A ENTREVISTA REALIZOUNA CAROLA REINTJES, VICEPRESIDENTA DA COORDENADORA ESTATAL DE COMERCIO XUSTO, E DE REAS, DURANTE A ESTANCIA EN MADRID DE MARLIKE KOCKEN, O DÍA 21.09.95.*

*Pregunta.-* Marlike, ¿poderías por favor, intentar resumir en breve a orixe e a historia do Comercio Alternativo e Xusto en Europa e no Sur? o QUE e o POR QUE.

*Resposta.-* As Organizacións de Comercio Alternativo teñen por obxectivo promover a autonomía a través do establecemento de relacións comerciais equitativas. Mercan café, té, outros produtos alimenticios, produtos téxtiles e artesanía a produtores organizados de África, Asia e América Latina.

No Sur, as Organizacións de Comercio Equitativo están encamiñadas a establecer relacións con produtores que formen parte de organizacións democráticas, e que estean interesados no desenvolvemento da súa rexión ou sector de produción, a capacitación da muller, o establecemento de estruturas políticas independentes e democráticas, e na conservación e rexeración da súa cultura e sistema ecolóxico. O prezo pagado ó produtor permítelle a este e á súa familia manter un nivel de vida axeitado. Por outra banda, as devanditas organizacións brindan asistencia ós produtores para o desenvolvemento de produtos, capacitación e entrenamento, e o intercambio de experiencias e coñecementos.

En Europa, as Organizacións de Comercio Alternativo e Xusto venden os seus produtos a través de 3.000 "Tendas do terceiro mundo", grupos locais, feiras, charlas e cursos de formación.

Dende a constitución da primeira Organización de Comercio Equitativo en 1959, máis de 100 organizacións irmás principiaron as súas actividades polo mundo enteiro.

*Pregunta.-* ¿Cal foi o principal argumento para xuntarse e constituír unha ASOCIACIÓN EUROPEA DE COMERCIO XUSTO (EFTA)?

*Resposta.-* Un apoio máis eficaz ós produtores do Sur, un traballo máis eficiente no Norte, e o intento de aunar esforzos para campañas conxuntas.

*Pregunta.-* ¿Cal é o marco organizativo de EFTA?

*Resposta.-* EFTA é unha asociación que engloba once Organizacións de Comercio Alternativo e Xusto en nove países europeos. Foi establecida en 1990, despois de dez anos de cooperación oficiosa. EFTA ten por meta fomentar a cooperación entre os seus membros, desenvolver políticas comúns, e brindar un apoio colectivo ós produtores.

*Pregunta.-* ¿Poderíanos describir cun par de exemplos o traballo práctico levado a cabo por EFTA ou os seus membros, con respecto á coordinación de actividades e reparto de traballo?

*Resposta.-* Falarei a modo de exemplo primeiro da división do traballo e a especialización dos membros de EFTA, e logo da normativa e control de calidade europea, e o traballo realizado por EFTA e os seus membros.

Para poder afrontar a crecente competencia do mercado europeo, os membros de EFTA esfórzanse en compartir actividades e dividir tarefas. Na área dos produtos alimenticios, especialmente, dase unha tendencia cara a especialización de produtos: os coñecementos técnicos adquiridos por determinados membros de EFTA son postos ó alcance dos membros. Uns exemplos:

\* O.S.3., unha Organización de Comercio Xusto de Suíza, é o especialista de EFTA no terreo do cacao e do chocolate. Dende fins de 1991, membros de EFTA están vendendo o chocolate MASCAO de O.S.3., composto de azucre moreno Mascobado das Illas Filipinas, e cacao (semente e manteiga) de Bolivia, un gran logro. O.S.3. e Gepa (unha Organización de Comercio Xusto alemana) apoian ós produtores, facilitándolles a asistencia técnica para cumprir coa crecente demanda do seu cacao e azucre, e para adoptar métodos de produción ecolóxica. O.S.3. desenvolveu, ademais, un envoltorio sen aluminio para o cacao. Gracias a todos estes esforzos, dentro de pouco os membros de EFTA serán os primeiros en vender chocolate de cultivo ecolóxico, asegurando á vez unha remuneración correcta ó produtor.

\* OXFAM WERELDWINKEL, organización belga, foise especializando en froitos secos, e os seus derivados (barras, muesli, etc.), vendidos hoxe, tamén, polos demais membros de EFTA nos seus respectivos países.

\* Gepa é o experto de EFTA para produtos de cultivo ecolóxico. Os especialistas na gamma alimenticia de Gepa representan a EFTA en materia relacionada coa produción ecolóxica (p. e. en reunións da IFOAM (Federación Internacional de Movements da Agricultura Ecolóxica), seguindo de cerca a lexislación europea ó respecto e informando ós produtores destes cultivos no Sur. Gepa tamén presta asistencia a un número crecente de produtores na adopción de métodos de produción orgánica e para obter o certificado IFOAM.

Con respecto á normativa europea de calidade, EFTA segue de cerca a elaboración de normas e criterios uniformes na UE, prestando especial atención ás marcas "CE" e outras marcas de garantía que a UE está establecendo. De feito, as normas e garantías UE ocupan un lugar fixo na orde do día de EFTA. Foron principiados os seguintes proxectos:

Despois da recopilación de normas e criterios vixentes en diferentes países europeos para produtos como o café, froitos secos, confituras e outros, membros de EFTA identificaron unha serie de criterios cos cales os produtores do Sur teñen que cumprir para seren aceptados en todos os países membros de EFTA, como tamén ós seus socios no Sur, para permitirles a estes últimos adaptar a súa agricultura ecolóxica ás esixencias da certificación.

E o último exemplo de coordinación: A UE está establecendo normas estritas para xoguetes, e outorga a marca "CE" a xoguetes que cumpran coas novas normas, prohibindo ó mesmo tempo a venda de xoguetes que non contén coa dita marca. Cumprir con ditas regras implica unha cantidade enorme de traballo e fondos, e por iso un membro de EFTA -Gepa- encárgase de obter a certificación "CE" para xoguetes para tódolos demais membros. Gepa encargouse tamén de divulgar as novas normas "CE", e do desenvolvemento dun sistema para probas eficaces de xoguetes. Asinou un contrato cunha institución alemá de certificación, e eses informes teñen validez para toda a UE.

*Pregunta.-* Para as Organizacións de Comercio Alternativo e Xusto do Sur, ¿cal é a súa demanda? ¿Prefiren unha organización (ou coordinación) contraparte, ou séntense mellor con varias contrapartes comerciais? Imaxínome que en canto á viabilidade comercial, é preferible un só importador, unha única xestión, comunicación, un frete grande, etc., pero non hai dúbida que con iso aumenta a dependencia, e ata pode ser perigosa,... se vai fallando este un,... Dependerá, imaxínome, do historial e da base de confianza da relación en cada caso.

*Resposta.-* Non hai resposta única. Depende de cada organización: a maioría das contrapartes do Sur prefiren manter unha relación directa cos diferentes membros de EFTA, pero tamén coído e temos comprobado que están a favor dunha coordinación dos pedidos e fretes.

*Pregunta.-* Cando EFTA empezou a funcionar como coordinación entre as diferentes organizacións importadoras, membros de EFTA, ¿notouse inquedanza, preocupación ou receo por parte doutras Organizacións de Comercio Xusto, non membros de EFTA?.

*Resposta.-* Nun principio había preocupación entre as demais organizacións non membros. Estas inquedanzas desapareceron na medida na que se notou que EFTA é unha organización aberta á entrada de calquera outra organización (sempre e cando cumpran cos criterios). Deuse a casualidade que IFAT, a ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE COMERCIO XUSTO, foi constituída o mesmo ano. Iso axudou, no senso que aquelas organizacións que aínda

non quixeran ser membro de EFTA, tiñan en IFAT outra rede de organizacións. A maioría dos membros de EFTA son, á súa vez, membros de IFAT.

*Pregunta.-* A coordinación da importación axudará a EFTA e ós seus membros a gañar en competitividade. ¿É esto un obxectivo, un feito?.

*Resposta.-* EFTA como tal non pode ser competitiva, xa que non leva a cabo actividade comercial. Os membros de EFTA pretenden, por suposto, ser competitivos. Se non foran competitivos, terían que pechar mañá. EFTA intenta prestar apoio ós seus membros para que desenvolvan maior eficacia e aproveiten mellor as capacidades e especializacións de cada grupo membro.

*Pregunta.-* Marlike, ¿poderíasnos dar unha idea de cifras de EFTA e os seus membros, en canto a número de organizacións do Sur coas que traballa, volume de vendas, cadros de persoal, etc.?.

*Resposta.-* Actualmente os membros de EFTA están importando produtos de máis de 500 grupos de produtores en 44 países. O volume de negocios dos membros de EFTA na súa totalidade acércase ós cen millóns de ECUS. Os membros de EFTA teñen empregados a unhas 560 persoas en total, e contan co apoio de dúcias de milleiros de voluntarios.

*Pregunta.-* Son cifras moi considerables. De tódolos xeitos, ¿hai reacción do mercado tradicional? cando falamos de Comercio Alternativo e Xusto, de EFTA, de tantas organizacións adicadas a este fin, ¿como reacciona o mercado, as forzas do mercado ignoran, pretenden ignorar, intentarán absorber, ou só rin deste "croio no zapato"?

*Resposta.-* O mercado non se ri do Comercio Alternativo e Xusto, coido eu. Ó contrario, o mercado está a descubrir que os consumidores son cada día consumidores máis conscientes, e empezan a demandar produtos cun trasfondo ético. A dinámica de competitividade incrementa, en parte debido a novas Organizacións de Comercio Xusto que aparecen, en parte debido a empresas que comezan a incorporar certos criterios de Comercio Xusto (p.e. Body Shop), e en parte a outras empresas que usan o lema e a etiqueta "Comercio Xusto" dunha maneira indebida só como medida de mercadotecnia.

*Pregunta.-* Como comentaches antes, un dos traballos prioritarios de EFTA é o traballo de "lobbying" de campañas e de sensibilización da administración. ¿Poderías comentar algo máis ó respecto, con exemplos deste traballo, especialmente no que se refire ó Parlamento Europeo, como pode se-la Resolución sobre Comercio Xusto e Solidario?.

*Resposta.-* EFTA estima que o Comercio Equitativo pode contribuír de xeito significativo ó desenvolvemento sostible do Sur. Unha relación comercial sostible, en primeiro lugar, a garantir un prezo xusto para o produtor, pagamentos anticipados se fora preciso, e unha relación duradeira entre produtor e importador. Sen embargo, unha produción e comercialización equitativas non chegan. Para unha distribución máis xusta de ingresos e traballo entre Norte e Sur, deben cambia-las estruturas do comercio internacional, para melloraren

as perspectivas de exportación do Sur cara o Norte. Para os membros de EFTA a tarefa de influencia-la política comercial internacional neste senso está a coller cada vez máis importancia. E este é o campo por excelencia para xuntar mans, co fin de logralos obxectivos de EFTA. Trátase tamén dunha área onde a cooperación con outras iniciativas baseadas no Comercio Alternativo é de suma importancia.

Como a política europea do comercio internacional é tarefa da Unión Europea, a presión exercida por EFTA para un Comercio Equitativo concéntrase na UE. Un dos acontecementos de máis envergadura é a Xornada anual do Comercio Equitativo no Parlamento Europeo. O seu obxectivo principal é familiarizar ós parlamentarios europeos co concepto do Comercio Alternativo e Xusto, e establecer a base de contactos futuros. Un dos logros máis notables foi o por ti mentado Informe e Resolución sobre a promoción e a equidade e solidariedade no comercio Norte-Sur, (elaborado polo Eurodiputado Sr. Alexander Langer), adoptado no Parlamento Europeo en xaneiro de 1994. O informe reconece o principio "axuda, non, Comercio Equitativo si", como tamén os logros do Comercio Equitativo. Recomenda medidas para fornecer e soste o devandito movemento, e a adopción dos seus principios nas políticas da Comunidade e os seus estados membros.

Durante moitos anos EFTA, e sobre todo os seus membros Magasins du Monde e Oxfan Wereldwinkel, estiveron a loitar a nivel político para que se estableceran relacións comerciais equitativas entre o Norte e o Sur, e para obter un apoio político no desenvolvemento do Comercio Equitativo. Como anécdota, tras amplas deliberacións, a Comisión Europea convidou tamén a EFTA a participar nunha mesa redonda en outubro do 94. Participaron dende representantes do goberno belga, da Comisión, e de cadeas do comercio do café ata supermercados belgas. Foi un sinal alentador que a Comisión Europea se mostrara interesada no comercio equitativo. Manifestou o seu apoio explícito ós principios e obxectivos de EFTA, estimando que o Comercio Equitativo pode xogar un papel pioneiro, paralelo ás iniciativas do comercio tradicional.

*Pregunta.-* ¿Houbo ó longo destes anos apoio directo, apoio práctico ou financeiro, da U.E. cara a EFTA e o Comercio Alternativo e Xusto?

*Resposta.-* En 1993, a UE foi un dos financeiros dunha campaña de EFTA para promover a aceptación de produtos do Comercio Xusto por parte do consumidor, e para exercer presión sobre políticos para suprimir o sistema de aranceis escalonados para o café. O nome da campaña era: "Valor engadido para produtos alimenticios no Sur: condición necesaria para un desenvolvemento sostible".

En 1994, EFTA lanzou unha campaña para fomenta-la popularidade do comercio xusto, cofinanciada pola UE. A devandita campaña engloba unha serie de actividades a nivel europeo, dirixidas a políticos, e elaboradas de xeito que as organizacións nacionais de Comercio Equitativo poidan integralas nas súas campañas nacionais.

*Pregunta.-* ¿Hai un consenso en EFTA de considerar o Comercio Alternativo e Xusto enmarcado dentro da filosofía e práctica da Economía Alternativa e Solidaria? ¿Acéptanse o marco e os obxectivos deste movemento? Dicíndoo con outras palabras: ¿O Comercio Xusto, empezando por EFTA, pretende ser e ofrecer UN MODELO ECONÓMICO ALTERNATIVO? Neste contexto, un dos datos máis salientables dentro do movemento europeo de Comercio Xusto é un dos que ti mentaches antes, os milleiros e milleiros de voluntarios que o apoian co seu traballo. Isto, en principio, un dato moi positivo, non deixa de ser unha contradicción: O comercio xusto como medida de creación de emprego digno ou máis digno no Sur, pero baseado principalmente no traballo voluntario do Norte, ¿Isto non é unha contradicción co modelo mesmo? ¿O comercio xusto é comercio? ¿É economía?

*Resposta.-* En EFTA non houbo debate sobre este tema ata hoxe, así que non adoptou unha postura ou política común con respecto á ECONOMÍA ALTERNATIVA. Creo que dentro dos membros de EFTA hai diverxencia de opinións ó respecto. Terías que facer esa mesma pregunta ós diferentes membros de EFTA.

*Pregunta.-* ¿Qué nivel de profesionalización existe dentro dos membros de EFTA?

*Resposta.-* Diferente en cada caso. Pero, en xeral, os membros de EFTA traballan duro para melloraren o seu nivel profesional.

*Pregunta.-* Prezos xustos, importacións directas, campañas e "lobbying", un traballo moi admirable. Pero atopámonos cunha incoherencia inevitable: a maior parte do capital movido polo comercio alternativo, ou pola Economía Alternativa e Solidaria, aínda remata nas arcas do sistema financeiro-bancario, das corporacións propietarias dos fretes, de tostadores, e de arcas estatais vía impostos e aranceis. ¿Non debe, non pode o Comercio Equitativo tentar pechar este círculo comercial-financiero, non podemos pensar nunha pequena utopía de EFTA coa súa propia rede de transporte, a súa propia Banca Alternativa, etc...? ¿Obxectivo, utopía, posibilidade?

*Resposta.-* Isto forma parte da realidade que é difícil de cambiar. Témoste que aínda vai pasar moito tempo antes de que EFTA teña o seu propio sistema de transporte, non estamos traballando niso nestes momentos. Con respecto ó sistema bancario, hai diferentes bancas alternativas, como CTM-MAG, TRIODORS BANCK, SHARED INTEREST, que apoian o comercio xusto. Á parte, os membros de EFTA intentan realiza-las súas transaccións financeiras a través de bancos éticos.

*Pregunta.-* ¿Haberá un SELO DE GARANTÍA europeo de comercio xusto no futuro, un que avale de xeito uniforme os diferentes produtos de comercio xusto comercializados en Europa, en vez de varios como poden ser Transfair, Max Havelaar, etc...? ¿EFTA está traballando niso?

*Resposta.-* As tres organizacións outorgantes dun selo de comercio xusto, TRANSFAIR, MAX HAVELAAR, e a fundación FAIR TRADE, están dis-

cutindo nestes momentos a posibilidade de alcanzar un selo europeo uniforme. EFTA ten unha lixeira implicación niso, xa ten unha representación na Executiva de TRANSFAIR. Nós, por suposto, estamos moi a favor dun selo uniforme de comercio xusto. Esta foi unha das razóns principais polas que axudamos a establecer TRANSFAIR.

*Pregunta.-* Se tiveses que nomear ós principais logros de EFTA nos seus poucos anos de vida, ¿Cales serían?

*Resposta.-* O traballo "lobbying" realizado, o intercambio de información entre os membros, e unha mellor coordinación do apoio prestado ós productores.

*Pregunta.-* ¿O teu motivo de visita ás nosas terras? ¿E que impresión te levas a casa do movemento de comercio alternativo e xusto e dos intentos da súa coordinación aquí?

*Resposta.-* EFTA recibiu a solicitude de membro de dúas organizacións en España (1). A miña visita pretendía presentar a EFTA coas súas forzas e debilidades a estas organizacións, e ver se as mencionadas organizacións cumpren cos criterios para seren aceptadas como membros de EFTA. Teño a impresión de que o movemento de comercio xusto en España é moi dinámico, e que loita forte nunha difícil situación. Parécenme admirables os logros alcanzados ata agora en materia de organización (2). Á súa vez, creo que debe realizarse moita máis coordinación, especialmente no campo das importacións. Se isto non se dera podería ser moi difícil para os pequenos grupos e organizacións sobrevivir.

*Pregunta.-* ¿Como prevides unha posible dinámica de competitividade entre os membros de EFTA? ¿Ou estamos destinados a reproducirlos vellos esquemas do "mercado libre" e as forzas do mercado? ¿Como evitalo?

*Resposta.-* Temos algúns acordos entre membros de EFTA para evitar unha competitividade excesiva na zona comercial de cada un. Ata hoxe non tivemos serios problemas nesta materia.

*Pregunta.-* Marlike, ¿poderías, por favor, resumir de maneira breve o que é NEWS (European Network of Fair Trade Shops), a Rede Europea das Tendas do Comercio Xusto, e comentar sobre a súa relación con EFTA?

*Resposta.-* NEWS e EFTA están en fase de coordinación do seu traballo de lobbying. Á súa vez estamos formando unha plataforma de todo o movemento europeo de Comercio Xusto, unha plataforma con representantes das iniciativas que conceden o selo, das organizacións importadoras, das Tendas do Comercio Xusto, e de ONGs interesadas niso. Esta plataforma europea pretende servir de foro para intercambiar información sobre o traballo de lobbying e de campañas, e para identificar posibles áreas de cooperación.

*Pregunta.-* ¿É "xusto" o Comercio Xusto, é "equitativo", "alternativo", "solidario"? ¿Produce pequenas illas de privilexio nas comunidades do Sur? ¿A súa mellor clientela do Norte é un mercado de elite?.

*Resposta.*- Coido que isto é unha pregunta fundamental, que dá para debater durante días e días, anos e anos. Véxome incapaz de dicir algo medianamente sensato ó respecto en poucas liñas.

*Pregunta.*- ¿Sénteste ben, a nivel persoal, no teu traballo, satisfeita polos resultados obtidos? ¿Veremos a Marlike durante moitos anos máis realizando a súa labourea de "formiguiña"? Non fará falla decirte que sinceramente daríanos moita lelicia, e engadir que apreciamos moito a túa labourea.

*Resposta.*- Séntome ben neste traballo. Ás veces coido que o proceso de ordenación e cooperación vai demasiado lento, pero así é a vida, como sabes moi ben de España. Pero por outra banda está alí a solidariedade, o apoio mutuo entre os grupos, a amizade que se sente en EFTA e entre os membros. Todo iso anima moito, e así véxome nun ambiente laboral moi agradable.

E eu creo firmemente na necesidade de cooperación e coordinación, polo ben dos produtores, pero tamén polo dos membros de EFTA, polo ben do traballo de lobbying e campañas, e esta convicción miña é unha fonte de inspiración. Moitas gracias polo último que engades, anima escoitar que o noso traballo se aprecia.

\*\*\*\* Marlike, agradecémoste moito que te deixaras roubar estas horas para a entrevista, sabendo que o factor "tempo" é un factor que vale "ouro", na túa causa, e na túa vida privada, un factor que nunca recibe un "prezo xusto", así que só te podemos dar moi sinceras "GRACIAS" pola visita, as horas connosco, polo teu apoio e o teu traballo duro. ¡GRACIAS E ATA PRONTO!

\*1 - As mencionadas organizacións son Intermón e I.D.E.A.S.

\*2 - Días despois de realizarse a entrevista, constituíuse finalmente e legalmente a COORDINADORA ESTATAL DE ORGANIZACIÓNS DE COMERCIO XUSTO. UNHA BOA NOVA.